

Xuvia

Un dos sete arciprestados nos que quedou dividida a diocese tralo decreto do bispo Sánchez Monge, de xuño de 2006. Comprende as parroquias dos concellos de Cedeira, Cerdido, Moeche, Narón, Neda, San Sadurniño e Valdovino.

Esta demarcación territorial fora creada en 1855. O seu territorio, a mediados do século XX, circunscribíase ás parroquias dos municipios de Neda, Narón e San Sadurniño, abrangendo o conxunto das freguesías do primeiro e a práctica totalidade das dos outros dous. En 1988 ampliara o seu espazo e, á totalidade das parroquias dos tres municipios iniciais, uníranse as pertencentes ó de Valdovino.